

A PARTICIPACION NON INTERESA Á MAIORÍA SINDICAL DE OURENSE

Na mesa coordinadora das eleccións sindicais Xunta de Persoal en Ourense CSIF, CCOO e UGT bloquearon a posibilidade de mesas itinerantes e mesa no Barco e en Verín para posibilitar a participación de todo o persoal funcionario. Por exemplo unha provincia mellor comunicada como é Pontevedra, e onde a CIG ten maior representación, hai seis mesas tres delas itinerantes.

Por si fora pouco o freo á participación desta vez a mesa pecha as 14:30, co que moitos funcionarios que traballan a quendas van ter que ir votar en día ou hora libre.

Mentres a CIG chama á participación como forma de empoderar aos traballadores do sector público fronte unha patronal irresponsable e desmanteladora, os delegados das outras organizacións sindicais presentes na mesa preocupáanse mais de non ter que coller autobuses ou de chegar á hora a xantar.

A CIG, UN COMPROMISO SERIO E HONESTO

A federación de Administración Pública da CIG ten como obxectivos básicos a mellora individual e colectiva das condicións de traballo das persoas empregadas públicas ao servizo das administracións.

Somos parte dun sindicato de clase, non corporativo, polo que defendemos tamén os intereses do conxunto da clase obreira e loitamos contra calquera forma de explotación laboral. Pulamos por unha nova orde económica, máis xusta e solidaria.

Preferimos chegar a pactos, pero non rexeitamos a confrontación se é necesario. Opómonos ao sindicalismo pactista.



A CANDIDATURA DA CIG PARA A XUNTA DE PERSONAL FUNCIONARIO DE OURENSE

Os candidatos e candidatas da CIG estamos distribuídos entre as diferentes consellerías e centros de traballo para así achegarnos a todo o territorio da provincia e ter en conta as deferentes escalas de persoal funcionario. Compañeiros e compañeiras comprometidos co servizo público, o traballo en equipo e a constancia como eixe principal do traballo sindical.

Participamos nos comités e comisións da Xunta (comité de seguridade e saúde laboral, comisións de persoal...) xunto outros delegados e delegadas da Galiza e así deixamos a nosa pegada e promovemos a defensa do persoal funcionario de Ourense tamén en Compostela. Pero ademais de loitas contra a lei de emprego público ou as condicións dos concursos de traslados, resulta imprescindible o traballo na nosa provincia polo mantemento duns servizos públicos de calidade onde non cabe a amortización de prazas e o peche de centros de traballo. Para conquerilo debemos ter maioría na Xunta de Persoal Funcionario de Ourense e así forzar a que se abandone o sindicalismo de despacho polo sindicalismo de rúa, de clase e de servizo.

Cando elixes a CIG votas futuro, votas servizo público, vótaste a ti!!

ESTA É A TÚA CANDIDATURA:

- 1 BURGOS TORTOSA ZELTIA (MATI)
- 2 MORALES CID M^a LOURDES (ED)
- 3 FERNANDEZ FERNANDEZ SECUNDINO (MR)
- 4 NEIRA MARTINEZ DOMINGO (MATI)
- 5 GONZALEZ COUSO MONICA (MR)
- 6 PAZO FERNANDEZ SILVIA (TR)
- 7 MARTINEZ PENEDO JOSE MARIA (AMTEGA)
- 8 DIZ DIEGUEZ ALFONSO (MR)
- 9 VAZQUEZ LOPEZ RAQUEL (TR)
- 10 GAVELA GESTO ANTÓN (SA)
- 11 VELLO VIEITEZ CASTOR (MR)
- 12 BRUQUET ALVAREZ AMANCIO (TR)
- 13 CARREIRA FERNANDEZ RAQUEL (MR)
- 14 ZUAZUA CONDE MARGARITA (ED)
- 15 REBOREDO BLANCO MARCO ANTONIO (MR)
- 16 GRAÑA PÉREZ M^a ISABEL (ED)
- 17 GOMEZ FEIJOO M^a YOLANDA (PR)
- 18 NUÑEZ GARCIA LUIS MANUEL (MR)
- 19 ALVAREZ GONZALEZ ANDRES (MR)
- 20 CONDE BLANCO XULIO XOSE (VI)
- 21 AMORIN TABOADA ANXELA (MR)
- 22 COIMBRA CIVIDADES MARCO ANTONIO (MATI)
- 23 PERDIZ ALVAREZ RUBEN (MATI)
- 24 GAMALLO SANTOS JORGE (MATI)
- 25 CONDE ALVAREZ MANUEL (MATI)
- 26 GONZALEZ COUGIL PURIFICACIÓN (ED)
- 27 CIDRE LOPEZ XESUS ROBERTO (ED)
- 28 RUA RUA ALFREDO (MR)
- 29 MOYA GIL JAIME (MR)
- 30 DIAZ ALONSO ANA (MATI)
- 31 ROMANOS CASTIÑEIRA JESUS (MR)
- 32 CARBALLO BENITO FRANCISCO (MATI)
- 33 NESPEREIRA FERNANDEZ M^a CRISTINA (ED)
- 34 FERNANDEZ ALONSO RAQUEL (ED)
- 35 CARREÑO SEOANE JAVIER (ED)
- 36 ALEJOS GONZALEZ ANTONIA (ED)
- 37 CONDE SALGADO BIEITO (ED)
- 38 ALVAREZ CASTRO CARLOS ANTONIO (MR)
- 39 MARTINEZ DE ARRIBAS MARIA (MR)
- 40 VICENTE OBES AMABLE (MR)
- 41 FERRO RODRIGUEZ MANUEL (FA)
- 42 FERNANDEZ GONZALEZ ROGELIO (CU)
- 43 RAFAEL RAMOS CARLOS (ED)
- 44 GARCIA RODRIGUEZ SUSANA (FA)
- 45 MOURE GAÑETE FERNANDO (MR)
- 46 RODRIGUEZ CORCOBADO RAMON (MATI)
- 47 CASTRO CASTRO JOSE ANTONIO (ED)
- 48 RODRIGUEZ RODRIGUEZ NURIA (FA)
- 49 DOCAMPO CARRAL MANUEL (MR)
- 50 DE PICOAGA LOPEZ HENRIQUE (MR)

IDEAS XERAIS DO QUE DEFENDEMOS

Retribucións. Fondo de Acción Social

- Recuperar o poder adquisitivo perdido. Plan de renegociación da débeda salarial.
- Equiparar os niveis aos doutras administracións.
- Implantación de carreira profesional non ligada á avaliación subxectiva do desempeño.
- Xeneralizar e mellorar a compensación económica para os postos con xornadas de traballo distintas da ordinaria.
- Trienios iguais para todos os grupos con aproximación paulatina ao importe superior.
- Recuperar o Fondo de Acción Social, incrementado ata o 1% da masa salarial.

Oferta de emprego e concursos de traslados

- Non á amortización sistemática de postos vacantes.
- Oferta de emprego anual. Procesos selectivos finalizados no mesmo ano que a oferta.
- Acceso mediante concurso-oposición.
- Promoción interna co 50% das prazas ofertadas, e garantía de permanencia na localidade.
- Promoción interna cruzada entre escalas e subgrupos dos corpos xerais e especiais.
- Retomar a promoción de grao para todos os grupos sen cambio de grupo mediante formación.
- Concursos de traslados anuais, para todos os corpos e escalas, convocados e resoltos no mesmo ano.

Substitucións

- Cobertura de todas as baixas e vacantes.
- Supresión da utilización abusiva de empresas privadas.

Novo marco lexislativo e regulamentario

- Retirada Lei do emprego público do trámite parlamentar e retomar a negociación.
- Cobertura de todos os postos inferiores a subdirección mediante concurso de méritos.
- Non ao uso de criterios subxectivos para as avaliacións de desempeño.
- Comisións de servizo reguladas por criterios obxectivos e fixos similares aos do concurso.

EGAP e formación. Comités de prevención

- Edición de temarios para procesos selectivos.
- Crédito horario anual para garantir o dereito á formación, dentro da xornada laboral.
- Descentralización da formación.
- Substitución dos méritos e requisitos específicos para a cobertura de determinados postos por formación a través da EGAP.
- Redefinir o ámbito dos comités de prevención, achegándoos aos centros de traballo.

HORARIOS E MESAS DE VOTACIÓN

O 16 de abril, de 9:00 a 14:30 horas, os funcionarios e funcionarias temos dereito a ausentarnos do posto de traballo o tempo necesario para exercer o dereito a elixir a nosa representación sindical. **Se che poñen impedimentos, avísanos.**

- **Mesa da Casa de Chocolate**
Presidencia, AAPP e Xustiza, Traballo e Benestar, Cultura
- **Mesa da XT de Educación**
Educación, Facenda, Industria
- **Mesa da XT de Sanidade**
Sanidade e Consumo
- **Mesa da XT de Medio Rural**
Medio Rural, Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

DESPRESTIXIA, INSULTA...QUE ALGO QUEDA

Na xunta de Persoal Funcionario de Ourense ten maioría a CSIF que ostenta a Presidencia e a Secretaría, debendo seguir os estatutos aprobados que incumpre reiteradamente, como é o emprego da lingua galega e a convocatoria mensual deste organismo (*a CSIF non convoca a Xunta de Persoal dende o mes de xuño do ano pasado*).

Dende a CIG informamos e denunciemos o mal funcionamento da Xunta de Persoal en numerosas ocasións e animamos aos funcionarios e funcionarias da nosa provincia a que coñezan o noso órgano de representación. A que pregunten a que se preocupen e esixan traballo dos seus representantes, a nos incluídos.

Parece que doe porque os centros de traballo enchéronse estes días de campaña de papelotes que entregan os representantes da CSIF os que, sen querer asumir ningunha crítica e tratar de mellorar, recorren ao desprestixio do resto de organizacións sindicais e, especialmente da CIG. **A nosa asesoría xurídica esta a estudar querelarse contra os autores e distribuidores dos panfletos.**

É unha mágoa este xeito de facer pero dende a CIG non imos a deixar de informar e animar a participación de tódolos empregados públicos nos seus comités de persoal. Imos seguir informando, instando e denunciando o funcionamento destes cando non é o correcto. Loitamos por unha unidade sindical de traballo sindical, con capacidade de defensa dos servizos públicos e das condicións laborais do persoal funcionario.

